



1. VALORES, OBJECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

Valores

O CEIP Campomaioir pretende o logro de valores relacionados con:

- A liberdade de pensamento e opinión respetuosas coa Declaración dos Dereitos Humanos.
- A inclusión e a non discriminación.
- O respecto e a tolerancia.
- A educación para a paz e a convivencia.
- A educación na igualdade, non sexista.
- O esforzo como base do éxito persoal e grupal.

Obxectivos e prioridades de actuación

- De ensino e aprendizaxe

Fomentar o interese pola actividade escolar para que redunde na mellora do rendemento e do progreso académico.

Favorecer aprendizaxes significativas que axuden no desenvolvemento integral do alumnado.

Desenvolver a interdisciplinariedade indispensable para a adquisición das competencias clave.

Promover hábitos de lectura e estudo.

Adoptar as medidas de atención á diversidade axustadas ás características do alumnado.

Impulsar a acción tutorial.

Potenciar o uso das TIC.

Fomentar a innovación educativa.

- De organización e participación

Favorecer a coordinación docente.

Fomentar a participación dos integrantes da comunidade educativa, favorecendo un clima positivo de convivencia entre todos.

Dar a coñecer os dereitos e obrigas dos membros da comunidade para que poidan facer uso dos mesmos cumprindo co establecido no Plan de convivencia.

Xestionar axeitadamente os recursos, velando pola súa conservación, incremento e mellora.

Organizar os espazos do Centro.

Favorecer o uso eficaz das instalacións en horario lectivo e non lectivo.

Fomentar a colaboración con entidades externas.

Velar pola seguridade de toda comunidade.



XUNTA DE GALICIA ☎ 881880886
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U. e-mail:ceip.campomaior@edu.xunta.es
CEIP CAMPOMAIOR ORDES Travesía de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)

Este plan foi aprobado na reunión ordinaria polo Claustro celebrada o 29 de Xuño de 2017 e Consello escolar do CEIP Campomaior reunidos o de 29 de Xuño de 2017.